

DEPUTACION PROVINCIAL

A CORUÑA

**ACTA da Sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 14 de SETEMBRO DE 2001**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o vindeiro venres, día 14 de setembro de 2.001, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 9/01, do 27 de xullo.
- 2.-Toma de coñecemento das Resolucións de Presidencia, da nº 12.300 deica a nº 14.499.
- 3.-Aprobación do proxecto reformado da obra Reforzo de firme na E.P. 6121 de Mera a Cariño, do Concello de Cariño, incluída no POL 2000 (código 00.2300.0011.0).
- 4.-Aprobación do proxecto reformado da obra Reposición, abastecemento e canalización gas, Avda. Galicia, do concello das Pontes, incluída no POS 2000. Código 00.2100.0319.0.
- 5.-Aprobación da modificación do proxecto da obra Recuperación da travesía Ribeira da Gándara 1ª f, do concello de Narón, incluída no POS 2001 co código 01.2100.0253.0.
- 6.-Aprobación do Programa operativo local adicional 2/2001.
- 7.-Aprobación do Plan de temporais 2001 cofinanciado polo MAP, a Xunta de Galicia, deputación e concellos.
- 8.-Aprobación do proxecto reformado da obra do concello de Irixoa Abastecemento de auga en Irixoa, 1ª f., incluída no Plan 2000 de infraestruturas, anualidade 1998. Código 98.3400.0416.0.
- 9.-Aprobación do proxecto reformado da obra do Concello de Ames, Parque público en Proupín, incluída no Plan 2000 de infraestruturas, anualidade 1998. Código 98.3400.0247.0.
- 10.-Aprobación da 11ª e derradeira fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes 1998-2001.
- 11.-Aprobación do proxecto de finalización da obra Instalación de remo e piragüismo na praia de Tapia, do concello de Ames, incluído na 2ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes. Código 98.3420.0005.0.

12.-Aprobación do proxecto reformado da obra Piscina cuberta climatizada Horta do Corral, do concello de Pontedeume, incluída na 1ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes 1998-2001. Código 98.3420.0066.0.

13.-Aprobación do proxecto reformado da obra Recuperación da área urbana da Rúa Murillo do concello de Ribeira, incluída na 1ª fase da anualidade 2000 do Plan 2000 de protección do ambiente 1999-2000. Código 00.3440.0267.0.

14.-Aprobación do proxecto reformado da obra Recuperación da área urbana da Rúa Cervantes, do concello de Ribeira, incluída na 1ª fase da anualidade 2000 do Plan 2000 de protección do ambiente 1999-2000. Código 00.3440.0269.0.

15.-Aprobación do proxecto reformado da obra Praia fluvial de Chaián, do concello de Trazo, incluída na 1ª fase da anualidade 2000 do Plan 2000 de protección do ambiente 1999-2000. Código 00.3440.0280.0.

16.-Aprobación do proxecto reformado nº 2 da obra Rehabilitación da casa do concello de Dodro 5ª fase, incluída na 1ª fase do Plan de construción e reparación urxente de casas consistoriais 1998-1999. Código 98.3600.0008.0.

17.-Aprobación da modificación das bases reguladoras do Programa 2001 de reparación de danos extraordinarios en infraestructuras municipais na provincia da Coruña.

18.-Achea da Deputación provincial ó Consorcio da Zona Franca da Coruña.

19.-Proxecto reformado Instalación Protección Civil de Carnota.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 14 DE SETEMBRO DE 2001.

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, sendo o día 14 de setembro de 2.001, reuniuse a Excm. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSE MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSE ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERÍAS REY	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSE LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSE LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSE GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ. GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON ANGEL LÓPEZ SUEIRO	PSOE
DON MANUEL MIRAS FRANQUEIRA	PSOE
DON MANUEL MOSCOSO LÓPEZ	PP
DON JOSÉ MOSQUERA MACEIRAS	PP
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON FRANCISCO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE

DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESUS VILLAMOR CALVO	PP

Non asisten os Sres. Rodríguez Rodríguez e Toja Parajó.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. secretario procede á lectura do asuntos incluídos na orde do día, en relación ós cales, por unanimidade, agás nos casos nos que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

Sr. presidente

En primeiro lugar queremos dar a benvinda ó compañeiro Mosquera, e desexarlle a súa pronta recuperación.

E antes de empezar a orde do día imos ter, seguindo instrucións, e creo que é tamén vontade de todos nosoutros, tres minutos de silencio motivados polo desastre acaecido nos Estados Unidos de América por motivos que todos coñecemos.

(Gárdanse tres minutos de silencio).

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 9/01, DO 27 DE XULLO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 9/01, do 27 de xullo.

(Entra o Sr. López Crespo).

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DE PRESIDENCIA, DA Nº 12.300 DEICA A Nº 14.499.

A Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 12.300 á nº 14.499.

(Entra o Sr. González Garcés).

3.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA REFORZO DE FIRME NA E.P. 6121 DE MERA A CARIÑO, DO CONCELLO DE CARIÑO, INCLUÍDA NO POL 2000 (CÓDIGO 00.2300.0011.0).

INTERVENCIONS

Sr. Fernández Moreda

Brevemente para anunciar o voto favorable ó punto 3, ó 4, ó 5, ó 8, ó 9, ó 10, ó 11, ó 12, ó 13, ó 14, ó 15, ó 16 e ó 19.

Son trece puntos que fan referencia a reformados de proxectos. Nove destes reformados non teñen ningún incremento orzamentario e catro teñen incrementos orzamentarios. Imos votar favorablemente a todos eles, pero queriamos facer algunha reflexión tocante ós reformados.

Sr. presidente

Sr. Fernández Moreda, a verdade perdinme, se fai o favor repíteme os puntos que van votar favorablemente.

Sr. Fernández Moreda

O 3, o 4, o 5, o 8, o 9, o 10, o 11, o 12, o 13, o 14, o 15, o 16 e o 19, son trece puntos. Destes trece puntos, fan todos referencia a reformados de proxectos, nove non teñen ningún incremento orzamentario, e catro si teñen incremento. A pesar de que imos votar favorablemente a todos eles, quixeramos facer algunha pequena reflexión sobre o tema dos reformados.

É indubidable que unha parte dos reformados son imputables ós concellos que presentan mal os proxectos, e que logo unha vez adxudicada a obra surxen problemas, e hai que tramitar modificacións deses proxectos. Pero unha parte importante destas modificacións de proxectos que fan os concellos débese á premura con que a deputación lles esixe que presenten os documentos e os proxectos na deputación para cumprir os prazos. Ante isto, como é unha cousa que se vén reiterando con excesiva frecuencia, a suxerencia que facemos é que se planifique ou se programe -non vou entrar no debate do Sr. Erias e o Sr. Doval, planifíquese ou prográmesese, pero que se faga, chámeselle como se queira-, as actuacións da deputación con antelación suficiente, que os concellos coñezan esas previsións da deputación

e poidan, con tempo suficiente, redactar proxectos ben feitos, solicitar os permisos a outras Administracións, se é necesario, pedir as concesións necesarias a outras Administracións para tratar de evitar os reformados dos proxectos.

Polo tanto, máis prazo, máis programación ou máis planificación, que os concellos dispoñan de tempo para evitar que isto suceda no futuro. E hai outros proxectos que son imputables á deputación, que fixo a deputación, é paradigmático os proxectos de piscina, e é paradigmático os proxectos de reformas de casas de concello. Ben, pois neste caso en que non se pode imputar a causa do proxecto ós concellos, e si á deputación, pedirlle á deputación que comprobe e que os seus equipos técnicos fagan proxectos axustados, non proxectos tipo, para facer en calquera sitio, senón proxectos axustados ó sitio onde se van realizar.

E dito isto, que é un rogo ou unha suxestión para que o teñan en conta na medida do posible na futura actuación da deputación, direi que imos votar que si ó número 16, aínda que nos doe votar que si, porque podemos entender moitas cousas nos reformados, pero hai outras que son inxustificables. É un proxecto reformado da rehabilitación da casa do concello de Dodro, a quinta fase, que fixo a propia deputación e fixéronse dous, xa se aprobou un proxecto reformado por importe de 28 millóns e medio de pesetas, e hoxe tráese un segundo reformado con respecto ó primeiro reformado por importe de 20.906.000 pesetas, polo que supón que se incrementa o orzamento de adxudicación, o orzamento adxudicado, nun 65% isto non é serio, non é serio, é máis, eu atreveríame incluso a tachalo de escandaloso, polo que supón de adxudicar un proxecto que, a todas luces, era insuficiente. Pois, a pesar de que imos votar que si, tamén rogariámoslle á Presidencia, ó equipo de goberno, que os proxectos que a propia deputación encargue que sexan proxectos que estean ben realizados e que se tomen algún tipo de medidas para evitar que estas cuestións se vaian producindo no futuro.

Polo tanto, termino, Sr. presidente, esta é a única intervención que eu vou facer neste pleno, dicíndolle, reiterando o voto favorable, e rogándolle que tome medidas, dando prazo ós concellos, anunciando con antelación suficiente para que poidan facer os seus proxectos e presentar os proxectos ós plans que financia a deputación, e esixindo ós equipos técnicos da deputación, ou dos técnicos que a deputación contrata para realizar proxectos, que presenten proxectos adecuados, e se isto non é así, esixan as responsabilidades que deban de esixir porque desde logo, nosoutros reformularíamos a nosa actitude con respecto ós reformados se vemos actuacións escandalosas polo que supón de incremento no futuro.

Máis nada e moitas gracias.

Sr. Varela Rey

En principio para coincidir no substancial co voceiro do PSOE, pero tamén para matizar un par de aspectos. Por un lado, empezando polo final, cando fala da casa do concello de Dodro, que di que é escandaloso, eu creo que é conveniente, para que todo o mundo teña coñecemento, de cál é a situación.

A casa do concello de Dodro está en moi mal estado, é un edificio moi antigo e que seguramente que se os técnicos, cando inician o proxecto, dámoslle vía libre ó nivel económico, seguro que farían un proxecto, non ó mellor polos 66 millóns de pesetas, que é onde está agora mesmo esa casa, senón que ó mellor mesmo se necesitarían máis. Pero sempre estamos na Administración loitando entre as posibilidades económicas e o proxecto, entón é unha primeira parte, é dicir, ben, é unha primeira fase, podemos acometer o elemental, se a cuberta, se o peche exterior, se ventais, temas máis de infraestrutura; pero eu creo que hai que clarificar que a situación, primeiro que non se está facendo ningún tipo de dilapidación nesa obra, senón que é como consecuencia do mal estado en que está esa casa consistorial.

E respecto ós tempos tamén temos que conxugar a axilidade que ten que ter unha Administración, é dicir, se nosoutros facilitamos moito tempo á hora da planificación, á hora do deseño e a redacción dos proxectos, á hora de conseguir os permisos, que se de Augas de Galicia, ou se de Ambiente, seguramente o que tamén poderíamos estar levando é que non serían tan operativos os plans e, polo tanto, eu creo que non estou falando de nada descoñecido e, por outro lado, tamén os concellos da provincia saben que, en maior ou menor medida, permanentemente desde a deputación, estanse apoiando plans que, dalgunha maneira, son permanentes de tódolos orzamentos, e por outro lado, distintos plans que completan a actuación da Deputación provincial e tamén os concellos podemos facer unha análise interna de ter, ó mellor, xa previsto ou preparado para que unha vez que a deputación faga calquera tipo de convocatoria, tamén dar unha resposta áxil. Eu creo que nesa conxunción é onde debe de estar a mellora da xestión por parte da Deputación provincial.

Sr. Fernández Moreda

Gracias, Sr. Varela, eu creo que ás veces é mellor non responder, porque respondendo enrédase máis a cousa, si é escandaloso incrementar un proxecto nun 75%, é máis escandaloso dicir que se aprobou sabendo que ese proxecto estaba mal, se non hai diñeiro, non se aproba. Non se pode adxudicar un proxecto sabendo que hai 49 millóns e medio de pesetas que hai que achegar máis para que esa obra se poida realizar, é o que vostede me dixo.

Non me fixo niso e non vou facer máis comentarios. Non se poden adxudicar proxectos cando se sabe que os proxectos están mal feitos e son insuficientes, haberá que priorizar, se non hai diñeiro para facer a obra de Dodro porque hai 30 millóns e costa 70,

pois non se fai, ou faise por 70 millóns, pero faise por 30 e logo danse 30 millóns máis, ou 50 coma neste caso, case.

E con respecto ó tema dos plans é simplemente planificar, dicir este ano o que vai facer o vindeiro ano, e que a xente o saiba e que vaian tendo xa as decisións, e tomando as decisións.

Eu sei que as reflexións e as suxestións que fago van ser atendidas, que non van caer en saco roto, pero escoitando a súa resposta deume a impresión de que non ían ser atendidas.

Sr. Varela Rey

Tan brevemente para lle dicir ó Sr. Moreda que do tema dunha obra, eu poño xa un exemplo concreto: concello de Carballo, casa do concello, ¿sabe canto necesitaría eu para resolver o arranxo da casa?, pois, ó mellor, da orde de cento e pico millóns de pesetas, pois non os teño e teño que ir permanentemente priorizando e dicindo, primeiro vou facer a calefacción, logo teño que facer a carpintería exterior, logo que teño que facer o illamento e teño que ir, loxicamente, ir incorporando e solapando fases de proxecto, que é no que estamos, un pouco no tema de Dodro e, polo tanto, claro, o mellor sería contar co orzamento e o capital total, pero iso ás veces non é posible, porque seguramente que se traemos un proxecto co importe total, que ó mellor tamén os grupos da oposición dirían que é un importe excesivo nese proxecto.

Moitas gracias.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra Reforzo de firme na E.P. 6121 de Mera a Cariño (concello de Cariño), código 00.2300.0011.0, incluída no Programa operativo local 2000, que non supón incremento de orzamento sobre o proxecto inicial e ascende á cantidade de 50.000.000 ptas. de orzamento de contrata.”

4.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA REPOSICIÓN, ABASTECIMENTO E CANALIZACIÓN GAS, AVDA. GALICIA, DO CONCELLO DAS PONTES, INCLUÍDA NO POS 2000. CÓDIGO 00.2100.0319.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude formulada polo concello das Pontes tocante ó proxecto reformado da obra que máis abaixo se indica incluída no POS 2000 que foi aprobado mediante acordo plenario con data do 25 de febreiro do 2000.

Aprobar o proxecto reformado para executar a obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do POS 2000 no seu conxunto.”

<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u>	<u>Estado</u>	<u>Orzamento Total</u>
00.2100.0319.0	Reposición abastecemento e canalización Gas Avda. Galicia (Concello das Pontes)	5.751.240	1.622.145	7.373.385

5.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA RECUPERACIÓN DA TRAVESÍA RIBEIRA DA GÁNDARA 1ª F, DO CONCELLO DE NARÓN, INCLUÍDA NO POS 2001 CO CÓDIGO 01.2100.0253.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude formulada polo concello de Narón tocante á modificación da obra que máis abaixo se indica incluída no POS 2001 que foi aprobado mediante acordo plenario con data do 23 de febreiro de 2001.

Aprobar a modificación do proxecto para executar a obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do POS 2001 no seu conxunto.”

<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello</u>	<u>Orzamento Total</u>
01.2100.0253.0	Recuperación travesía Ribeira da Gándara, 1-F (Concello. Narón)	25.184.923	5.442.491	1.611.969	32.239.383

6.-APROBACIÓN DO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL ADICIONAL 2/2001.

(Entra a Sra. Vázquez Veras).

INTERVENCIONS

Sra. Candocia Pita

Xa en varias ocasións o grupo provincial do BNG posicionouse sobre este tema, respecto a que faltaban uns criterios claros na convocatoria deste plan, e falabamos tamén, xa en varias ocasións, de que era non normal que non houbera datas nos prazos de presentación, etc., etc., aquí xa se nos dixo en varias ocasións que os concellos estaban informados porque o Sr. presidente se reunira cos alcaldes. En todo caso, nosoutros entendemos que iso non é unha explicación, e iso que ocorre coa convocatoria é exactamente o que está ocorrendo agora coa selección de obras, é dicir, a nosoutros non nos serve a desculpa, por dicilo dalgunha maneira, ou o argumento, de que son aquelas obras que teñen a documentación presentada porque se supón que para admitir unha obra a trámite ten que ter a documentación presentada, ou se non, ¿onde está o rigor?, ¿cando é que se vai pór?, porque, ó mellor, hai moitos concellos, que non presentaron obras porque non tiñan a documentación. Polo tanto, estase caendo nun agravio real con estes concellos que non presentaron unha obra porque non tiñan toda a documentación, con aqueles que a presentaron sen ter a documentación e que resulta que llas meten igual. Polo tanto, nosoutros entendemos que o proceso xa está viciado desde o seu comezo, que na selección de obras non volve estar claro cales son os argumentos que se utilizan para dicir que si a unha obra e que non a outra e que, polo tanto, estase caendo nun agravio real entre concellos que non presentaron obras e outros que as presentaron sen ter a documentación presentada, polo tanto é responsable político a deputación por non ser rigorosa á hora de decidir qué obras entran e qué obras non, se non ten a documentación presentada, e o noso posicionamento unha vez máis, polo tanto, vai ser de abstención neste tema.

(Sae o Sr. Erias Rey).

Sr. Varela Rey

Moi breve para dicir que dificilmente podemos aprobar un proxecto que non se presentou, pero en todo caso, aqueles proxectos que non se presentan non pode ser imputable a esta institución. Nada impide ós concellos a presentación de proxectos e, polo tanto, eu non podoo estar de acordo coas afirmacións que se fan desde a voceira do BNG do agravio, entendo que non hai ningún tipo de agravio.

Por outro lado, o que si está perfectamente especificado na información é que aqueles concellos que tecnicamente teñen toda a documentación son os que se incorporan a esta fase. Polo tanto, eu creo que máis obxectividade imposible.

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados (13 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (4 do BNG; 1 do PP por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación -art. 74.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vistas as baixas de licitación producidas nas obras incluídas na anualidade 2001 do POL 2000-2006, aprobado xunto co plan complementario mediante acordo plenario con data do 9 de marzo de 2001.

Vistas as baixas producidas nas obras incluídas no POL adicional, aprobado mediante resolución da Presidencia nº 12.523 con data do 23 de xullo de 2001.

1.-Aprobar o adicional nº 2 á anualidade 2001 do Programa operativo local 2000-2006, cofinanciado con fondo do Estado, Feder, deputación e concellos, coas cifras globais detalladas por axentes financiadores seguintes:

	ANUALIDADE 2001	ANUALIDADE 2002	TOTAL
ESTADO (MAP + FEDER MAP)	8.483.063	38.908.883	47.391.946
FEDER	39.826.821	182.671.888	222.498.709
DEPUTACIÓN	17.957.705	82.365.801	100.323.506
CONCELLO	3.487.767	15.997.187	19.484.954
TOTAL	69.755.356	319.943.759	389.699.115

A deputación financiará as cantidades que lle correspondan ós concellos.

O importe total de 69.755.356 ptas. a que ascende a anualidade 2001 do POL adicional 2, financiaranse con cargo á partida 0501/519B/60145 do vixente orzamento provincial 2001.

2.-Aprobar os proxectos dos investimentos plurianuais que se inclúen no adicional 2 da anualidade 2001 do POL, e que a seguir se relacionan co detalle do seu financiamento.

Obras plurianuais do POL 2001

Medida 5.3: Infraestructuras e equipamentos colectivos municipios menores de 20.000 hab.						
Concello			MAP+			
Código	Denominación da obra	Ozto.	FEDER MAP	FEDER	DEPUT.	CONC.

BERGONDO		2.001	5.405.506	657.372	3.086.274	1.391.585	270.275
01.2302.0061.0	San. zona de Guisamo (Tramo I)	2.002	24.793.189	3.015.140	14.155.671	6.382.719	1.239.659
		TOTAL	30.198.695	3.672.512	17.241.945	7.774.304	1.509.934
BETANZOS		2.001	7.722.883	939.192	4.409.380	1.988.167	386.144
01.2302.0062.0	Dot. colectores de san. pluviales e me. seg. vial Trav. cr. prov.	2.002	35.422.203	4.307.752	20.224.307	9.119.034	1.771.110
		TOTAL	43.145.086	5.246.944	24.633.687	11.107.201	2.157.254
MIÑO		2.001	14.349.999	1.745.127	8.193.132	3.694.240	717.500
01.2302.0063.0	San. parroquias de Carantoña e Callobre	2.002	65.818.498	8.004.295	37.579.071	16.944.207	3.290.925
		TOTAL	80.168.497	9.749.422	45.772.203	20.638.447	4.008.425
NEDA		2.001	9.893.666	1.203.185	5.648.789	2.547.009	494.683
01.2302.0064.0	San. O Couto e Sta. María	2.002	45.378.834	5.518.594	25.909.045	11.682.253	2.268.942
		TOTAL	55.272.500	6.721.779	31.557.834	14.229.262	2.763.625
PONTECESO		2.001	9.299.868	1.130.972	5.309.760	2.394.143	464.993
01.2302.0065.0	Abast.auga Cores, Niñonse e Brantuas	2.002	42.655.287	5.187.379	24.354.036	10.981.108	2.132.764
		TOTAL	51.955.155	6.318.351	29.663.796	13.375.251	2.597.757
RIANXO		2.001	20.219.615	2.458.941	11.544.389	5.205.304	1.010.981
01.2302.0066.0	Saneamento na parroquia de Araño	2.002	92.740.400	11.278.312	52.950.131	23.874.937	4.637.020
		TOTAL	112.960.015	13.737.253	64.494.520	29.080.241	5.648.001
SADA		2.001	2.863.819	348.274	1.635.097	737.257	143.191
01.2302.0067.0	Est. bombeo de san. e san. Costa do Tepe e outro	2.002	13.135.348	1.597.411	7.499.627	3.381.543	656.767
		TOTAL	15.999.167	1.945.685	9.134.724	4.118.800	799.958
		2.001	69.755.356	8.483.063	39.826.821	17.957.705	3.487.767
	TOTAL ACUMULADO	2.002	319.943.759	38.908.883	182.671.888	82.365.801	15.997.187
		TOTAL	389.699.115	47.391.946	222.498.709	100.323.506	19.484.954

3.-En uso das facultades conferidas ó Pleno da Corporación no art. 155.5 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, modificar expresamente as porcentaxes anuais fixadas no citado artigo, de forma que o financiamento de cada anualidade sexa a indicada no apartado anterior.

4.-A deputación comprométese a incluír no orzamento de 2002 as cantidades necesarias para financiar as correspondentes anualidades da obra plurianual, así como a suplir con fondos propios se fora necesario, as achegas do resto das Administracións cofinanciadoras.

5.-As baixas que se produzan na adxudicación das obras plurianuais citadas anticiparán o financiamento delas, aplicándose polo seu importe total na minoración da última ou, se é o caso, últimas anualidades previstas.

6.-Dispor a súa publicación no BOP para os efectos de que durante un prazo de dez días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas.

7.-Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a súa recepción.

8.-Remitir o expediente para informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a súa recepción.

9.-Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei 5/97 de Administración Local de Galicia, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a súa recepción.”

7.-APROBACIÓN DO PLAN DE TEMPORAIS 2001 COFINANCIADO POLO MAP, A XUNTA DE GALICIA, DEPUTACIÓN E CONCELLOS.

INTERVENCIONES

Sra. Candocia Pita

Aquí é reiterar, unha vez máis, a nosa posición sobre este tema. Xa indicamos no seu momento en que ía pasar o que realmente logo está pasando, denunciámos a tardanza do decreto do goberno, en saír o decreto, de que as cantidades que se estaban barallando ían ser insuficientes para facer fronte ás necesidades das obras, que había que facer polos temporais, presentouse unha moción e a resposta que se tivo do Sr. presidente, no Pleno do 23 de febreiro, era que non ían aprobar a urxencia porque non cabía o debate aquí, pero que pasaría a comisión e que podería haber incluso unha comisión específica, cousa que nin pasou a comisión, e estamos agardando aínda que haxa algunha comisión específica sobre este tema.

A Xunta non confirmou aínda o decreto, ten como prazo ata o 30 de setembro, polo tanto é unha aprobación condicionada. E, por outro lado, hai que ter en conta que hai un ano que comezaron os temporais e que comezaron, polo tanto os problemas que causaron estas

obras, que entramos outra vez no inverno na estación de chuvias e que é moi probable que aínda non se resolvan os problemas dos temporais do ano pasado, e teñamos que facer fronte a novos problemas de temporais, ou en calquera caso doutro tipo.

Polo tanto, moitos concellos, no seu momento dixemos tamén que había un desfase entre as solicitudes que estaban facendo os concellos do 10% que ía subvencionar o goberno e o que se ía dar logo realmente, e así foi, e tanto é así, que moitos concellos tiveron que pedir -ou algún, polo menos dos que eu teño constancia-, tiveron que pedir créditos para poder facer fronte a obras que tiñan xa terminadas e ter eles que asumir algo que, en principio, era unha subvención da Administración.

Polo tanto, cremos que isto non é un exemplo, nin de coordinación, nin de atención real ós problemas, e a nosa posición, neste caso, vai ser en contra.

Sr. Rey Moreno

O voto do grupo socialista vai ser un voto a favor, pero un voto a favor con grandes reservas, un voto a favor triste e condicionado, un voto que parte daquilo de “máis vale páxaro en man ca cento voando”. O certo é que estamos falando duns danos ocasionados polos temporais do pasado inverno ós concellos da provincia, que tiveron un alcance de preto de 9.200 millóns de pesetas, e ó que se responde á hora de indemnizar ou subvencionar esta superación destes danos, cunhas cantidades miserables, por dicilo dalgunha maneira, por parte do Ministerio de Administracións Públicas e da Xunta de Galicia, en concreto nun importe de 1.580 millóns de pesetas.

Qué dicir cando, basicamente, o que se está pedindo é a xustiza, o que se estaba pedindo é que as Administracións economicamente máis poderosas atenderan as necesidades que por un importe tan elevado na nosa provincia se producen nos concellos, e nembargantes esta resposta cunha cantidade que parece unha mera esmola.

O certo é que a exigiüidade desta subvención non nos permite unha aprobación coa convicción real de estar votando a favor e plenamente un punto coma este. Cómo se lle pode comentar, como se pode falar a concellos coma o de Ames, que tiveron uns danos de 356 millóns, A Baña, 395 millóns, Cambre, con 581 millóns, Brión 373, Padrón 526 millóns de pesetas, que van percibir en moitos casos un importe inferior ó 20%, que era un pouco a intención que se buscaba con este plan, unha cantidade inferior ó 20% da totalidade destes danos, e aínda así chega á realidade de que, parte dos anticipos que realizou a Xunta ata o 20% da valoración dos danos, ten que ser devolto, neste caso son 21 os concellos que teñen que devolver parte do que se anticipou por parte da Xunta de Galicia, 21 concellos que terán que devolver 220 millóns de pesetas.

É inxusto o plan por canto nalgunhas ocasións, nalgunhas situacións, nalgúns concellos, as causas dos danos producidos non foron soamente polo temporal, senón por unha responsabilidade e quero dicilo así de claro, directamente da Xunta de Galicia, nunha mala xestión do dominio público hidráulico. Así, concellos coma o de Ames, o de Padrón, o de Cambre, en concreto, viron que os danos se viron incrementados como consecuencia dunha ausencia de mantemento da canle dos ríos que pasan por estes concellos, canles que no día de hoxe seguen sen limparse, seguen sen canalizarse os ríos, seguen sen adaptarse medidas de ningún tipo para evitar, que oxalá non ocorra, que nun vindeiro inverno, neste inverno que está cerca, poidan producirse danos, senón iguais, ó mellor superiores. Por iso, se cabe, a responsabilidade da Xunta neste tema é maior e a achega, como dicía antes, tamén nos parece, realmente pequena.

O que nos estamos levando é unha pequena sorpresa da maneira en que a Xunta está solucionando parte dos problemas nalgúns concellos. O outro día liamos, en concreto na prensa, cómo se acaban de pór en marcha as obras para a canalización, creo que do río Sar, no concello de Ames, isto é, estase adoptando unha solución a un problema real que existe, pero fóra deste plan de temporais. Tamén nos sorprende a ausencia á hora de pedir a subvención, dos concellos de Sada e Mañón, tendo danos o que non entendemos é por que nolos piden, aínda que si temos referencias de que hai ofertas, ou hai ofrecementos por parte de organismos da Xunta de Galicia, para resolverlle fóra do Plan de temporais os danos ocasionados. Cremos que non é xusto, cremos que esta non é unha maneira de resolver os problemas que os concellos tivemos en gran parte como consecuencia do rigor do inverno do ano pasado e que o necesario é que a deputación, co seu presidente á fronte, e esta é unha solicitude que facemos desde o noso grupo, dea un paso adiante á hora de mellorar os resultados deste plan. Entendemos que o máis adecuado é dirixirse á Administración do Estado, neste caso ó Ministerio de Administracións Públicas, por medio do delegado do Goberno e a Xunta de Galicia por medio do seu presidente, para que incremente as partidas, incrementen o crédito destinado a reparar os danos ocasionados, e cremos como cantidade non excesiva que, como mínimo, a reparación dos danos alcance o 50% dos causados. E subsidiariamente, para o caso de que isto non chegue a bo fin, non se estime a nosa pretensión, polo menos que tódolos concellos teñan unha subvención de polo menos o 20% dos danos causados, porque lendo detidamente a documentación que se nos facilitou, só aqueles concellos que teñen uns danos inferiores a 25 millóns de pesetas perciben un 20% e aqueles, curiosamente, que tiveron uns danos de maior alcance, de maior importancia, teñen uns importes inferiores. Estou falando en concreto, por exemplo, coma o concello de Santiago, que é o que presentou unha valoración de danos máis grande, van verse subvencionados os seus danos cun 14,4%, o concello de Ames cun 15,6, o concello de Cambre cun 14,7, o concello de Padrón tampouco chega ó 15%. En fin, é o momento de que por parte da deputación, cóllase o touro polos cornos, adóptense ou búsqense liñas de colaboración, ou se esixan nas Administracións que teñen verdadeiramente responsabilidade

de atender os danos ocasionados, esíxaselles unha actitude máis xenerosa e, desde logo, para intentar paliar o máis posible a realidade catastrófica que algúns concellos sufriron.

¿Que vai ocorrer nos vindeiros anos en concellos nos que os seus plans de investimentos van verse absolutamente hipotecados para repor estes danos?; vai haber unha paralización absoluta en moitos concellos da provincia, no seu desenvolvemento, a nivel de lograr a mellora de infraestructuras ou a creación de novos servicios para facer fronte a estes danos ocasionados.

Por iso non podemos estar contentos, non nos agrada a solución que se adopta, e solicitamos da Presidencia deste organismo que adopte as medidas que se lle propoñen para buscar unha solución máis xusta e máis adecuada á realidade do drama que sufriron estes concellos.

Reitero, unha vez máis, o noso voto é favorable pero, en fin, condicionado por todo o que amosei. Moitas grazas.

(Entra o Sr. Erias Rey).

Sr. Varela Rey

En principio a nosa valoración que facemos deste plan e deste proxecto non é a mesma que fai o PSOE nin a mesma que fai o BNG, e lóxicamente cando hai unha cuantificación de 9.000 millóns de pesetas por parte dos concellos, eu entendo que non se pode considerar de miserable cando hai unha resposta de 2.000 millóns de pesetas. Non é todo o que se solicita, non é todo o que se demanda e o desexable sería que, efectivamente, se hai unha petición de 9.000, que alguén puidera responder na mesma condición, coa totalidade, pero cando hai unha situación de emerxencia dificilmente se pode cubrir, en moitas ocasións, o cen por cen desa situación para resolvela.

E, por outro lado, eu creo que si que houbo unha coordinación entre o MAP, entre a Xunta, a deputación e os propios concellos e a proba está en que tódolos estamentos, tódalas institucións, vencéllanse e asumen un traballo moi importante para dar resposta ás demandas de tódolos concellos, incluído o persoal da Deputación provincial e incluído o persoal da propia Subdelegación do Gobeno, fundamentalmente, e da Xunta, que tiveron que avaliar, tiveron que coñecer en profundidade tódolos proxectos.

E tamén, cando se fala de xusto ou inxusto, ó final, ás veces, iso non é tan doado de avaliar ou de cuantificar, porque ó mellor tamén os danos presentados por algún concello, por qué razón terían que ser superiores ós presentados por outro concello, aí é un pouco a mensura tamén que se aplica desde as institucións, porque ó final os danos foron

fundamentalmente polas chuvias, que durante tres meses foron, en fin, seguramente que nos últimos cen anos nunca chovera tanto en Galicia, pero seguro que choveu de igual maneira na práctica totalidade dos concellos, e cando se fai unha análise das peticións, mentres que un concello solicita reparar 80 camiños, outro concello unicamente solicita reparar 20, ¿qué quere dicir?, ¿que nese concello que solicitaba 100, que os danos foron máis grandes có que solicitou 20?, non, ó mellor o que solicitou 20 dicía, “home, eu solicito, digamos o que é para resolver o tema dunha maneira puntual”, porque ó mellor tamén se pode acoller a este plan para tratar de resolver outras situacións doutra índole. Quero dicir que ben é certo que pode haber media ducia de concellos onde, por efecto do río ou por anegacións puntuais, que puidera haber algún problema, e cando o representante do PSOE manifestaba que é imputable á Xunta todo aquilo que pasou nos canles dos ríos, tamén fagamos nosoutros un pouquiño de autodisciplina, de autoavaliación e de implicarnos, tamén os concellos temos moito que dicir, seguramente, e ó mellor cando se fai calquera tipo de obra, calquera tipo de movemento de terras, tamén ó mellor nosoutros temos que velar e que cuidar porque aí non se faga ningún recheo, porque non se faga ningunha vivenda, porque non se faga un galpón, que logo vai impedir, ou vai propiciar estas situacións.

Quero dicir eu que o máis doado é botar a culpa a onde nosoutros estamos, e o máis doado ó mellor é poñerse agora e dicir “a culpa é da Xunta”, como está gobernada por outro grupo político, a culpa é dos demais. Pero, ó mellor vostede falaba de Cambre, ó mellor tamén o concello de Cambre, ou de Carballo, entón empeza un por si mesmo, e cando se aplica a si mesmo, sabe mellor como facelo, pois temos que cuidar que na época de verán, que despois do verán vén o inverno, e onde hai un regueiro que, ó mellor, é habitual que tódolos anos se producen riadas nesas zonas, e sabémolo, sabemos que en maior ou menor medida, vaise producir un impacto nesas zonas, eu creo que é un pouco coordinación, responsabilidade de todos, e creo que entre todos é máis doado de resolver, se é posible con 9.000 millóns, mellor ca mellor, loxicamente, tamén o grupo de goberno, o grupo popular, está encantado.

E non lle caiba ningunha dúbida de que por parte do presidente desta Corporación se fixeron tódalas tramitacións, tódalas xestións, para lograr e conseguir o maior nivel de axudas, o maior nivel económico para a nosa provincia. Pero, reitero, en todo caso, creo que o tema de xusto e inxusto ás veces é difícil de avaliar, porque ó mellor, concellos que teñen unha superficie enorme e que teñen unha rede viaria enorme tamén, á hora de facer a avaliación aquí, ves que ten feitas peticións en menor cuantía ca outros que teñen moita menos rede viaria, ¿que pasa?, ¿que aquí non choveu?, aí choveu tamén, ¿que aí non houbo deterioro da rede viaria?, seguro que si, ¿qué pasa que algunha ponte non sufriu desperfectos?, seguro que tamén.

Polo tanto eu creo que hai que tratar de atender, na maior medida que poidamos a tódolos concellos, e creo que aquí o concepto de solidariedade é o que debe de imperar, eu

creo que esa foi a actitude permanente por parte da Deputación provincial, por parte da Xunta de Galicia, do Ministerio das Administracións Públicas e, na mesma medida, tamén por parte dos concellos o que permitirá resolver satisfactoriamente este problema que, a maiores, cando falaba a representante do BNG de que hai moito tempo que se produciu a situación e que non houbo unha resposta inmediata, a resposta démola os concellos executando aquelas obras que considerabamos máis urxentes e que a deputación foi sensible a esa situación e que permitiu un carácter flexible á hora de xustificar o que son os investimentos, iso aparece nas bases da convocatoria onde aqueles concellos que executaron obras, o que teñen que facer é presentar as facturas e con cargo a esas facturas queda financiado xa o proxecto. Polo tanto, eu creo que quen respondeu realmente, é o que está máis preto, que foi o concello, e a deputación estalle dando posibilidades para que xustifiquen esa situación.

Eu creo que foi unha actuación coordinada, ben levada a cabo e onde, ademais, o noso presidente tivo moito que ver no resultado final deste tema, manifestando que tódalas axudas nunca son as que desexariamos todos, xa nos gustaría moita máis dispoñibilidade económica pero, en todo caso, creo que non se pode considerar como miserable, lóxicamente nosoutros rexeitamos ese cualificativo, igual có de esmola.

Sra. Candocia Pita

Tratarei de ser breve. En todo caso, eu estou bastante abraiada do que se está dicindo aquí, porque querer xeralizar que choveu en tódalas partes igual, ben é que iso vai en contra de todo principio físico e científico.

En primeiro lugar, non é o mesmo unha localidade que ten un río e está sometida a inundacións e as súas carreteras e a súa rede viaria está sometida a unha maior presión dese río, que unha localidade que non ten esa presión. Non me pode dicir vostede que foi o mesmo o que ocorreu en Cambre, en Ames e noutros sitios, que o que o ocorreu noutras localidades que tiveron desperfectos, pero moitísimo menores. E non se trata só de medir que cantidade de territorio temos en cada concello, senón qué danos reais tivemos, e que non foron iguais os danos en tódalas partes, e para iso só hai que ter dous ollos, e para iso só houbo que facer un seguimento daquelas noticias que foi sacando a prensa, tanto escrita, como en televisión, radio e demais, e non saíron por igual tódolos concellos, polo tanto, se non saíron por igual sería porque tampouco eran noticia por igual e, polo tanto, non estaban afectados por igual, iso por dicilo así dunha forma moi ordinaria e non meterse en camisa de once varas.

E outra cuestión respecto de se é ou non é a Xunta, en boa medida, responsable, que Augas de Galicia e a Xunta de Galicia -que Augas de Galicia é un organismo pertencente á Xunta-, non permite que os concellos actúen sobre as beiras dos ríos sen un

permiso previo, señores, e ademais é que hai que pagar, e iso sábese vostede, que é o alcalde, non llo teño que dicir eu, e ademais diso tivo que haber chamadas de atención en proxectos de plans de ordenación urbano de concellos coma o de Ames, antes de que foran sometidos a aprobación, porque se volvía a estar planificando nas chairas de inundacións naturais dos ríos, e iso tivo que facelo a Xunta que aprobou, no seu momento, plans de ordenación ou normas subsidiarias que estaban poñendo casas nas chairas de inundacións dos ríos e que, polo tanto, se ela non era responsable directa, si indirecta, porque estaba permitindo a aprobación dese tipo de actuacións. E é a Xunta quen ten que velar por ese tipo de cousas cando os concellos..., os concellos serán responsables, pero a Xunta tamén ten unha responsabilidade porque e, en último caso, quen ten a palabra para dicir se alí se pode ou non se pode edificar.

Polo tanto, non é unha cuestión de se en Cambre está o PSOE, ou en Ames está o PP, por certo, e ocorreu exactamente o mesmo, pero ó mellor si que é certo que se lle dá unha solución distinta a un caso ca outro, dependendo de quen estea no goberno, e que efectivamente se lle están dando fóra dese Plan de temporais, solucións a cuestións que tiñan que estar resoltas, porque non tiñan que ser aprobadas pola Xunta de Galicia no seu momento, como ocorreu en Ames, e que se está facendo diso electoralismo barato porque nin sequera cando se fai a presentación da obra parece que é a obra do Partido Popular, e non unha obra para a Corporación, e non unha obra que estea pagada por diñeiro público e entón máis nada que van á inauguración das obras os representantes do Partido Popular, e o resto da corporación non existe, e neste caso poderíamos seguir falando longo e tendido, e céntrome en Ames porque o coñezo moi ben de cerca, pero podería falar tamén doutros moitos concellos.

En calquera caso está moi claro que a Xunta si que ten unha responsabilidade, e que a Xunta non actuou como tiña que actuar, e sei que é unha esmola a cantidade que se está barallando sobre os danos cuantificados reais, e o que é moito peor aínda é que por actuar tarde, a pesar de que se diga que os concellos foron os primeiros e que houbo unha coordinación perfecta, eu non creo que se poida dicir que haxa unha coordinación perfecta cando se lle pediu ós concellos que cuantificaran, que solicitaran unha porcentaxe, que se lles ía adiantar e despois que os concellos teñan que devolver. Cando os concellos teñen que devolver é porque non houbo unha gran coordinación nin unha gran planificación, e iso supón que vai sobre as arcas dese concello esa devolución, e xa dixen antes e así é certo, e vostedes teñen constancia, que houbo concellos que tiveron que pedir créditos bancarios para facer fronte e modificar os seus créditos ordinarios, para poder facer fronte a iso que, en principio, ía ser unha parte de subvención, e ademais para facer fronte tamén a aqueles danos que non lle quedaban subvencionados con esta subvención, pero tamén para aquilo que estaba subvencionado, e iso, perdón, pero se iso é coordinación e iso é planificación, eu, desde logo, os gabinetes de planificación que coñezo funcionan bastante mellor ca iso. Máis nada.

Sr. Rey Moreno

Tamén brevemente, porque parece traslucirse da intervención do portavoz do grupo popular a idea de que gran parte da valoración dos danos, ou ó menos parte desta valoración de danos presentada polos concellos, ten un carácter fraudulento, isto é que estaba inchado, buscando algo que é moi habitual nunha época na nosa terra, que é a picaresca.

Se hai algún dato no tocante a que esta valoración está inflada, creo que quen manifesta isto ten que dicir en que caso existe esa sobrevaloración dos danos, non pode soltarse iso como idea, e deixalo aí, deixando en dúbida a realidade da valoración de danos que presentan os concellos e, desde logo, se ten coñecemento de que algún concello inflou a súa valoración hai que poñelo en coñecemento das Administracións actuantes neste caso, da Delegación do Goberno ou da Xunta de Galicia para que, en realidade, se se quere indemniza-los danos, indemnícense a aqueles que en realidade producíronse, non outros como parece traslucirse da intervención do Sr. Varela.

No tocante á competencia do mantemento da canle pública hidráulica, creo que non imos discutir moito, a realidade é que é unha competencia establecida e que agora mesmo está desenvolvendo Augas de Galicia, o que pasa é que é un organismo que todos vimos sufrindo, e falo desde a miña xestión municipal, porque á hora de esixir dereitos, Augas de Galicia é un organismo rigoroso, á hora de dar autorizacións é rigoroso, pero á hora de cumprir coas súas obrigas deixa moito máis que desexar. O mantemento da canle dos ríos, que é unha competencia, con independencia da colaboración dos concellos, pero é unha competencia estricte de Augas de Galicia, ten que levalo a cabo Augas de Galicia, e iso non se está facendo na actualidade. En concreto, e volvo falar daqueles concellos que viñemos sufrindo os danos como consecuencia de inundacións de zonas por parte dos ríos, gran parte dos danos producidos veñen pola falta de mantemento da canle dos ríos, e iso é o que non pode ser.

Por último, eu non dubido da intervención do presidente da deputación para a solución dunha mellor maneira deste Plan de temporais, o que eu solicitei é un paso máis adiante, un paso máis adiante como alcalde dos alcaldes, e a deputación como municipio de municipios, para buscar unha solución mellor a este problema que agora mesmo están sufrindo gran parte dos concellos da provincia. Creo que solicitar a intervención da institución, co seu presidente diante, na busca de solucións, ou a busca dun maior incremento dos créditos para solucións dos problemas ocasionados por estes temporais, non é inxusto, ó revés, creo que é un punto no que os concellos temos que estar sempre da man do presidente para solucionar este tema, e solicitalo neste pleno creo que é algo de xustiza e que

tódolos presentes, ou gran parte dos presentes, e desde logo tódolos concellos que sufriron os danos, verán con bo ollo.

E, por tanto, máis nada que manifestar. Moitas gracias.

Sr. Varela Rey

Primeiro para clarificar dúas cousas. Este Plan de temporais tamén colaborou no mesmo a FEGAMP, onde están tódolos concellos e onde a propia FEGAMP, a Xunta Directiva, mostrou a súa satisfacción pola resolución do problema. Non se senta abraiada a deputada do BNG e voceiro neste asunto porque, ou non escoitou o que eu dixen, ou eu non souben explicar ben.

Manifestei que non tódolos concellos tiñan a mesma situación, que había media ducia de concellos que, pola súa situación xeográfica, chámese Padrón, chámese Ames, chámese Cambre, todos sabemos, pero iso manifesteino..., e se non o trasladei así, clarifícoo agora mesmo, evidentemente que non é igual, non é a mesma situación. Pero tamén hai outros moitos concellos que eu creo que ten un carácter máis uniforme, ou sexa que ten un certo nivel de altitude, pois os máis cercanos a onde poida estar eu. A diferenza que poida ter en temporais Laracha ou Coristanco, pois debe de ser a mesma, porque ten a mesma altitude, non ten unha situación dun río ou un mar cercano que lle permita unha diferenza, é dicir, vai chover o mesmo e vai afectar na mesma consideración.

E aproveito tamén para clarificar outro aspecto e non quero que haxa interpretacións malévolas, iso si que non me gusta, vou clarificar a miña intervención. En ningún caso se me ocorrería a min dicir que por parte dos concellos fan unha avaliación fraudulenta, en ningún caso, e se alguén pode entender iso, desde logo que non o entenda en base ás palabras deste voceiro, en ningún caso, pero o que si é certo é que cando hai unha solicitude, ou unha demanda, por parte de tres persoas distintas, a súa visión é subxectiva, é distinta e o que poida haber un concello nunha vía, pois alguén pode dicir “é que eu solicito axudas para tapar as fochas que me ocasionaron, iso custa dez”, pero pode haber outro concello que, ante a mesma situación, diga “non, eu quero arranxar as fochas pero ademais quero aproveitar para lle pór o afirmado, iso xa custa vintecinco”, e pode haber outra visión que diga “eu a maiores quero tamén limpar as gabias, porque se estiveran limpas, resulta que a auga xa non ía por riba da vía, e entón xa o aforraba”, e así xa non val vintecinco, xa vale trinta e sete; ¿que pasa?, ¿que hai unha visión fraudulenta por parte desas tres persoas?, non, pero son visións distintas e subxectivas, é ó que eu me refiro. É dicir, que non parece que haxa unha conexión, agora mesmo estaba mirando un concello como o das Pontes de García Rodríguez, que solicitaba por danos 257.000 pesetas, pois eu estou seguro que comparativamente, esa non é a situación real, non me cabe ningunha dúbida porque tamén, salvo que non chovera nas Pontes, pero estou seguro que tamén choveu alí, o que pasa é

que a visión que tivo o concello naquel momento é dicir “home, tivemos un inverno máis duro cós doutras ocasións, e temos algunha focha máis que imos arranxar, e con ese pouco diñeiro e algo que nos axuden...”, eu creo ver esa interpretación, outros, ó mellor facían unha maior demanda. Pero quede moi claro que, en ningún caso, pode interpretarse a miña intervención, reitero, como dubidar das solicitudes e das demandas do concello.

Eu creo que o tema está perfectamente claro, e a Sra. voceira do BNG se fala de créditos extraordinarios por parte dun concello, claro, é que estamos falando dunha situación extraordinaria, estamos falando duns temporais que ben, que non se poden planificar, e lxicamente a unha situación extraordinaria hai que lle dar unha resposta con actuacións extraordinarias, como pode ser o mesmo acordo de hoxe. E reitero que todo o capital económico, tódalas cantidades que se poñan, sempre serán insuficientes para resolver a problemática dos temporais que nos afectaron no pasado ano, pero en principio desexar que este ano non se produzan esas situacións extraordinarias, que non chova tanto, ou polo menos que veña máis repartida, en todo caso, para que os concellos non volvamos a ter esa incerteza e esa mala situación.

Sr. presidente

Direi dúas palabras, todo está dito, pero en primeiro lugar, eu creo que neste caso, nestes temporais non lle podemos botar a culpa a ninguén, de actuacións boas ou malas de ningunha Administración. Eu creo que foi un caso excepcional, todo o mundo o di, había cincuenta anos que non chovía tanto, eu creo que o clima foi adverso por completo, non só na cantidade de auga e ventos que caeron, senón tamén no período longo que durou este clima. Polo tanto, eu creo que foi algo fóra do normal, e non podemos botar a culpa a ningunha Administración, nin a ninguén.

Eu teño que salientar aquí que a Xunta, eu creo que actuou rápida e ben, tanto é así que se os temporais, imos supoñer unha fase, terminaron o 31 de decembro, en febreiro habilitara 3.000 millóns de anticipo para aqueles concellos que quixeran actuar rapidamente nos danos que tiveron. Algúns non puideron actuar, porque houbo que esperar outros momentos, ó mellor a que baixaran os caudais dos ríos, pero outros si actuaron rapidamente en reparación de fochas, etc., etc. Polo tanto, eu creo que a actuación da Xunta foi importante nese anticipo de 3.000 millóns de pesetas para os concellos, e ben, a Administración do Estado, a verdade é que todos agardabamos máis, pero ben é certo que aprobou 4.000 millóns de pesetas para eses temporais, e deses 4.000 millóns, 3.700 foron para Galicia, eu creo que é significativo, independentemente de que non fora suficiente para cubrir tódolos danos. E a Xunta, a maiores, para os danos acaecidos despois do 31 de decembro, habilita 1.500 millóns de pesetas a maiores, que tamén hai que telos en conta.

Polo tanto, eu creo que se actuou con toda a dilixencia, actuouse o mellor posible nestas circunstancias, o diñeiro non foi ou non é o que todos desexariamos, pero de verdade que houbo unha gran axuda para, polo menos, paliar a maior parte dos danos.

Sr. Rey, dígolle que non só este presidente que lle está falando, senón os presidentes das demais deputacións, e a propia Fegamp, fixeron e están facendo un esforzo perante as Administracións, concretamente perante a Administración da Xunta, que é dalgunha forma a que está coordinando todos estes temas, para poder conseguir máis diñeiro, sobre todo para eses concellos que teñen que devolver. No caso de que non se consiga o que queremos tamén é que esa devolución, no caso de que non consigamos que ninguén teña que devolver nada, que esa devolución sexa o máis cómoda posible para non interferir nas economías de cada concello.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (14 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: 4 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a orde do Ministerio de Administracións Públicas do 10 de maio de 2001 sobre procedemento de concesión e subvencións para reparar danos causados polas inundacións nos bens e servicios de entidades locais nas Comunidades Autónomas de Galicia e Castela-León como consecuencia das chuvias e temporais acaecidos desde os últimos días de outubro de 2000 ata finais de xaneiro de 2001 (BOE nº 116 do 15 de maio de 2001), que desenvolve o R. decreto-lei 6/2001.

Vista a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 6 de xullo de 2001 pola que se establece o procedemento para a concesión das subvencións aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia do 5 de xullo de 2001 para obras de reparación ou restitución de infraestructuras, equipamentos, instalacións ou servicios recollidos no artigo 26 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dados polas chuvias e temporais acaecidos desde outubro de 2000 ata marzo de 2001. (Dog nº 132 do 9 de xullo de 2001), modificada por orde do 18 de xullo de 2001.

Vista a comunicación recibida da Delegación do Goberno en Galicia na que se comunica a concesión á provincia da Coruña dunha subvención estatal de 1.050.000.000 ptas.

Vistos os proxectos, ou memorias orzadas e demais documentación, remitidas por 83 concellos da provincia.

1.-Aprobar o Plan de temporais 2001, no apartado de obras municipais de reparación de danos producidos polos temporais acaecidos desde os últimos días de outubro de 2000 ata finais do mes de xaneiro de 2001, cofinanciado polo Map, Xunta de Galicia, deputación e concellos, co resumo de cifras globais de financiamento que a seguir se indica.

Nº concellos	Nº obras	MAP	XUNTA	Concellos		TOTAL
				Deputación	Conc. F.P.	
83	435	1.036.487.329	530.535.087	137.929.830	450.138.759	2.155.091.005

A relación completa de obras que se van incluír no presente plan, así como o seu orzamento e detalle de financiamento é a que figura como anexo a este acordo.

2.-A aprobación definitiva deste plan queda condicionada á confirmación da Xunta de Galicia da subvención solicitada. O artigo 5 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 6 de xullo de 2001 condiciona a concesión da subvención a que as deputacións provinciais procedan ó reintegro total dos anticipos concedidos en virtude do convenio suscrito coa Fegamp o 15 de febreiro de 2001, para o ingreso na deputación os respectivos concellos enviaron as certificacións dos acordos plenarios polos que se asume o compromiso do seu ingreso na deputación ou materialización coas subvencións que con este plan lles correspondan.

3.-Aprobar así mesmo os correspondentes proxectos ou se é o caso memorias orzadas.

4.-A contratación e execución realizarana os respectivos concellos no marco do establecido no R. decreto legislativo 2/2000, do 6 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

5.-Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

6.-Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no artigo 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.

7.-Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.

8.-Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei de Administración Local de Galicia, debendo entenderse emitido favorable no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.

9.-Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días desde a exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o plan.”

8.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA DO CONCELLO DE IRIXOA ABASTECIMIENTO DE AUGA EN IRIXOA, 1ª F., INCLUÍDA NO PLAN 2000 DE INFRAESTRUCTURAS, ANUALIDADE 1998. CÓDIGO 98.3400.0416.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude formulada polo concello de Irixoa relativa á aprobación do proxecto reformado da obra do que a contratación lle corresponde a esta deputación provincial e que máis abaixo se indica incluída no Plan 2000 de infraestructuras anualidade 1998, 3ª fase que foi aprobada o día 27 de febreiro de 1998.

Aprobar o proxecto reformado da obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do Plan 2000 de infraestructuras no seu conxunto.”

<u>Código</u>	<u>Conc..</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento Total</u>
98.3400.0416.0	Irixoa	Abastecemento de auga en Irixoa, 1ª Fase	7.000.000

9.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA DO CONCELLO DE AMES, PARQUE PÚBLICO EN PROUPÍN, INCLUÍDA NO PLAN 2000 DE INFRAESTRUCTURAS, ANUALIDADE 1998. CÓDIGO 98.3400.0247.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude formulada polo concello de Ames relativa á aprobación do proxecto reformado da obra do que a contratación lle corresponde a esta deputación provincial e que máis abaixo se indica incluída no Plan 2000 de infraestructuras anualidade 1998, 3ª fase que foi aprobada o día 27 de febreiro de 1998.

Aprobar o proxecto reformado da obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do Plan 2000 de infraestructuras no seu conxunto.”

<u>Código</u>	<u>Conc.</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento</u>
98.3400.0247.0	Ames	Parque público en Proupín	13.050.000

10.-APROBACIÓN DA 11ª E DERRADEIRA FASE DA ANUALIDADE 1998 DO PLAN 2000 DEPORTES 1998-2001.

INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Sendo como é isto, case case poderíamos dicir que coa celebración deste acto no punto número 10, case case facemos unha celebración que ten moito de importante porque un case podía acabar dicindo ¡por fin! Apróbase hoxe, máis nada e nada menos que a fase número once e derradeira dun plan de 1998, está ben, aprobamos a derradeira fase dun plan do ano 98 xustamente o 14 de setembro do ano 2001; as nosas aspiracións da simplificación, modernización e coordinación da política en determinadas institucións, parece que se tiran contra un espello que se fai anacos, a un dálle a impresión, ás veces, de que non vive nun mundo real de vai mirar e di, claro, o Plan 2000 deportes era 98-2001, o que deberíamos estar hoxe aprobando aquí sería xustamente a derradeira obra, a derradeira fase, da anualidade 2001, que é a última, non, non, estamos aprobando, que ademais soa como moi bonito, a derradeira fase -que por certo hai que dicilo para que se saiba-, a derradeira fase, non é unha fase, é unha obra, máis nada, é unha obra en concreto nun concello específico, que é o concello de Cabana de Bergantiños. Eu digo todo isto porque creo que se vai cumprir, ou se cumpre neste mes, o funcionamento normal desta deputación hai dous anos, é dicir, estamos xustamente practicamente no ecuador da lexislatura, e levamos bastante tempo, eu diría demasiado tempo, poñendo teóricas medidas que deberían de solucionar os problemas no tocante a planificación e cumprimento desa planificación, e seguimos nas mesmas, é dicir, seguimos aquí aprobando cousas que, en nome de retrasos, modificacións e demais historias, eu creo que nos pon en absoluto ridículo, é dicir, a min ponme un pouco os pelos de punta, e volvo dicir o que dixen nun pleno anterior, de se nunha institución pequena coma un concello, despois de tres anos, e hai algúns que tardan bastante xa o sei, pero despois de tres anos, estiveramos aprobando a derradeira fase dunha cousa do ano 98, a verdade é que a un cústalle moito saber que unha institución que conta con tantos medios, con tanta capacidade, que moitos concellos, ás veces, nin a teñen, nin unha parte mínima do que hai nesta deputación, cústalle tan caro facer isto.

Entón, eu non sei cando se vai dar aquí un debate, non sei, porque a pesar de que levamos tempo propoñéndoo, levamos tempo escoitando que non lle votamos a favor da súa proposta, pero estamos de acordo coa filosofía do que vostede expón, pero despois a filosofía non aparece por ningures. Entón, claro, a min dáme un pouco de pena á hora de emitir o voto, por máis que nosoutros teñamos claro que neste punto ímonos abster, polo que fixemos, pero este punto ata se fai incluso, en fin, pídeche o corpo inventar un voto diferente, que tamén teña algo de cabreo por unha cuestión que levamos soportando, eu creo que con demasiada insistencia nesta deputación. É dicir, ¿non hai mecanismos, non existe, non se pode propiciar un debate?, e eu non digo que resolva definitivamente, porque sei que é imposible, hai cousas que, efectivamente, necesitan certo tempo, pero ¿parécenos ós

membros desta institución que é normal que despois de tres anos esteamos aquí aprobando a última obra dunha anualidade do ano 1998?, a min de verdade, eu síntome, e a pesar de que non imos votar a favor, síntome tamén un pouco afectado por todo isto porque se houbera un certo rigor no seguimento das cousas, alguén nos tería que dicir: “ben, pero vostedes ¿que pasa?, ¿para que están postos aí?, parece que é un pouco de risa.

Simplemente sirva isto para, na derradeira, porque é derradeira, esta é a derradeira fase desta anualidade 98 do Plan 98-2001, eu creo que a ver se nos podemos sentar algún día e mirar, poderá haber, deberá haber mecanismos para evitar que isto se resolva, porque o que xa non vale é dicir que estamos ante o legado dunha corporación anterior, iso xa non vale, e xa non me meto de cál era a cor política da corporación anterior, que era a mesma, entón, por favor, aquí alguén terá que falar un día de responsabilidades políticas, de que nos achemos en debates e aquí ás veces perdendo o tempo, por decisións políticas completa e absolutamente desatinadas.

Reitero que o noso voto vai ser de abstención neste punto, pero a ver se alguén ten a chave das noces e se lle ocorre, se lle acende a luz e mira se se poden buscar fórmulas para que isto non ocorra. Non se trata de facer o plan sempre no mesmo ano, pero entre facelo no mesmo ano e tardar tres anos, parece que hai cuestión intermedias, porque, ollo, faltan outras tres anualidades, a do 99, a do 2000 e a do 2.001 que é, por se alguén non o sabía, o ano en que estamos, estamos no ano 2.001, non no ano 99.

Sr. Varela Rey

(Sae o Sr. Quiñoy Taboada).

Se aludimos á cor política, a da anterior deputación era branqueazul, segundo colleita de aquí do compañeiro de escano, de Antonio Erias.

E bromas á parte, imos ver, a ver cando nos sentamos, estamos sentados; a ver cando se propicia o debate, debatemos, e o BNG intervén na comisión, intervén no Pleno, intervén onde cre oportuno, ten o foro para debater ¿por que estamos na décimo primeira fase?, proque as fases nestes plans nos permiten flexibilidade, porque imaxínese por un momento que tiveramos que dicirle a tódolos concellos, esperen polo último, estaríamos esperando nestes momentos por un concello, se o quixeramos facer con carácter uniforme. Neste caso, a deputación provincial está tardando en terminar o plan o tempo que tardou un concello que tivo as súas dificultades, este concello tivo máis ca outros, e outros tiveron menos, pero cada un foi resolvendo, pois que si foi por problemas de terreo, fundamentalmente, ou por outro tipo de problemas, mesmo algún tipo de problemas en adjudicación de obras con algunha empresa. Polo tanto, a deputación tarda, neste caso, o que tarda un dos concellos que forma parte desta provincia, neste caso, que é o concello de

Cabana, e que este grupo de goberno, en aras a esa flexibilidade, quere tamén atender e quere entender as dificultades que tivo este concello para retrasarse, ó mellor, máis do que quixera a deputación, pero tamén máis do que quixera o propio concello, seguro que o primeiro que estaría máis interesado en resolvelo canto antes sería o propio concello, diso non me cabe ningunha dúbida.

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados (14 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (4 do BNG; 1 do PSOE - por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no intre da votación -art. 74.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a documentación xustificativa da subministración correspondente á obra denominada: Piscina cuberta do concello de Cabana de Bergantiños, que fora incluída na Programación plurianual do ano 2000 deportes, que foi aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 29 de maio de 1998 e do que as bases reguladoras foron aprobadas polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 27.02.1998 e publicadas no BOP nº 48 do 28.02.98.

Visto o informe técnico emitido polo Servicio Provincial de Arquitectura.

1º) Aprobar a 11ª e derradeira fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes, na que se inclúe o equipamento correspondente á instalación deportiva que se relaciona no anexo a este acordo incluída na programación plurianual deste plan provincial do que o detalle de distribución do financiamento entre a deputación e o concello é o que se detalla nel.

2º) As cifras globais de financiamento desta 11ª e derradeira fase da anualidade 1998 son as seguintes:

Achegas	Anualidade 1998	Total
DEPUTACIÓN	2.550.000	2.550.000
ACHEGA CONCELLOS	450.000	450.000
CONC. PLAN 2000 INFR.		

TOTAL	3.000.000	3.000.000
--------------	-----------	-----------

A achega provincial a esta fase do plan realízase con cargo á partida 0501/452D/60189 do vixente orzamento provincial.

3º) Aprobar o prego de prescricións técnicas que ha de rexer para este equipamento.

4º) Someter o presente plan a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non presentárense alegacións ou reclamacións a este, entenderase definitivamente aprobado.”

11.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE FINALIZACIÓN DA OBRA INSTALACIÓN DE REMO E PIRAGÜISMO NA PRAIA DE TAPIA, DO CONCELLO DE AMES, INCLUÍDO NA 2ª FASE DA ANUALIDADE 1998 DO PLAN 2000 DEPORTES. CÓDIGO 98.3420.0005.0.

INTERVENCIONES

Sra. Candocia Pita

Esta obra da que estamos falando é tamén unha obra da anualidade 98 e estamos tamén no 2.001, pero desta obra xa falamos varias veces neste Pleno, varias preguntas que presentou o grupo provincial do BNG, entón é necesario facer unha breve historia do proceso, como diría un estimado amigo meu. O informe que se presenta na comisión, curiosamente se salta da anualidade do 98 ó ano 2001, e parece que no 2.000 non pasou nada pero no 2000 tamén pasaron cousas. Entón, hai un ano e dous meses que a min se me contestou neste Pleno, e tamén por escrito, que o problema de que quedase a medio facer a obra, a obra de instalación de remo e piragüismo da praia de Tapia era porque a empresa quebrara, pero que se ía resolver e en breve íase sacar a nova contratación. Uns meses a posteriori contestouse tamén que en tres meses ía estar resolto o problema, pasou un ano, non só non se resolveu o problema, senón que agora temos que estar facendo un reformado, non só para facer modificacións que en principio non estaban establecidas, senón que tamén para resolver os problemas que na parte que estaba feita, o tempo produciu, de tanto tempo que estivo a obra parada. Parece, cando menos, de chiste, porque unha cousa é que unha empresa crebe, que iso pódelle pasar a calquera Administración, e outra cousa é que se deixe que a obra chegue a tal estado de deterioro, que haxa que facer unha modificación do orzamento para poder tratar o deterioro que sufriu a obra por non facela antes.

Ademais, aquí xa dixeramos que parecía unha falta de respecto que un club que de verdade funcionaba, e que de verdade necesitaba esa instalación, non se estivera atendendo e resolvendo canto antes ese problema, cando estaban feitas obras desa mesma tipoloxía a clubs que non funcionaban na realidade, e poñemos como exemplo un club do concello de Brión, que practicamente non funcionaba, que os nenos de Brión van ó club de Ames, e que nembargantes no club de Ames non se estaba poñendo toda a atención necesaria para que esa obra se terminase. Aínda que recoñecemos que o que crebe a empresa é algo que pode que estea, de partida, que poida que estea, habería que valoralo, porque habería que ver como foi a contrata, fóra das mans da Administración, pero despois, a resolución dese problema ten que estar nas mans da Administración, e o que non parece razoable é que se deixe deteriorar a parte que está feita, e que non se resolva o problema en case dous anos, iso desde logo non parece que sexa algo que entre dentro da razón. Imos ver se agora é certo que, despois disto, vaise resolver, ou imos ver se aínda o ano que vén imos ter que seguir preguntando sobre qué pasa con esta obra, porque aínda no último Pleno fixemos unha pregunta sobre isto.

Polo tanto, a min paréceme que con todo isto, aínda que o caso de Ames, desta obra de Ames, sexa só a modo de exemplo, pon ben claro que o Plan 2000 de deportes foi un absoluto desastre, e non hai outro calificativo, que as obras anualidade do 98 aínda se estean facendo agora, non pon máis que de manifesto que a planificación, desde logo, si existiu, foi bastante errada, e que ademais, os medios que se están poñendo para resolver os problemas que trae consigo a mala planificación deste plan, son tamén pouco acertados, e estou sendo bastante blanda, por dicilo dalgunha maneira coloquial, para cualificar todo o que está pasando con este plan.

A nosa posición vai ser de abstención, coma sempre, porque hai unha modificación do orzamento, pero cremos que neste caso, como noutros moitos, pero por poñelo nalgún momento de manifesto, a cousa vai moito máis alá, e por iso quixemos facer esta aclaración de voto porque, aínda que cremos que a obra ten que facerse, que é necesaria e que hai que resolver o problema canto antes, tampouco podemos participar desta senrazón que está sendo con este Plan 2000 de deportes, coma con outros moitos plans que aínda quedaron pendentes da deputación. Máis nada polo momento.

Sr. Varela Rey

É unha obra que é a instalación de remo e piragüismo da praia de Tapia en Ames, esta obra é adxudicada, nun determinado momento, a unha empresa, esta empresa polos motivos que, loxicamente, constan no expediente aberto a tal fin, non termina, non finaliza a obra, e a partir de aí o que seguiu é un procedemento que esixe a lexislación: hai que dar algunha audiencia, hai que fixar os prezos, se as unidades de obras se está de acordo no

executado, hai que tratar de propiciar ese acordo, e mesmo pode haber un resultado final de esixencia de responsabilidades á propia empresa. Pero en calquera caso, nosoutros non sabemos se vostede pretendería que se vulnerara este procedemento e se alterara, imaxino que non, en ningún caso, supoño que vostede estará apoiando a tramitación que se deu desde a Deputación provincial. É unha situación, como ben di, de creba dunha empresa, pero que hai que seguir un procedemento, e polo tanto, ¿cal é a postura ou posicionamento deste goberno?, pois vendo que se necesita un incremento importante duns sete millóns de pesetas para terminar esta obra, porque ademais, tal como vostede di, parece que hai un club que funciona, que é unha marabilla e que necesita esa instalación, eu mesmo pediríalle tamén que apoiara co seu voto para que este club funcione, para que a obra se termine, e para ter en conta a posición do goberno, que non ten ningún reparo en pór a cantidade necesaria para que a obra se termine nas mellores condicións. Pero, en todo caso, hai que dicir que o retraso é imputable a unha situación de procedemento, porque hai unha creba dunha empresa, o cal non é desexado loxicamente por ninguén, absolutamente, pero que de producirse hai que tratar de resolver con tódolos trámites oportunos.

Moitas grazas.

Sra. Candocia Pita

Eu só lle quero pedir a vostede, Sr. Varela, que non poña na miña boca cousas que eu non dixen, eu non dixen que non se seguiron os trámites, nin que non houbera, eu o que digo é que teño papeis oficiais, respostas oficiais asinadas polo presidente, na que se di que se resolve o problema nun prazo determinado, e non me estou inventando nada, porque está nos papeis e pódese contrastar, e que iso, se é verdade o que vostede di, que pedirlle responsabilidades á empresa lévanos ata aquí, entón non é verdade o que di o papel de que en tres meses iase resolver e iase sacar a contrata, cando xa pasou un ano, ou é verdade unha ou non é verdade a outra, porque senón o axioma non funciona, e non me estou inventando nada porque iso pódese constatar cos papeis.

Polo tanto, un pouco de seriedade, ou unha cousa ou a outra, pero que non se nos diga primeiro que se vai resolver nun prazo equis, e agora que se nos diga que chega ata aquí, ata case un ano despois, porque eses son os procedementos que legalmente que hai que facer para lle pedir responsabilidade á empresa, e case que se pon na miña boca que eu pretendo que se vulnere esa legalidade, cando eu non dixen nin unha palabra ó respecto, porque eu, eu non, o grupo, cando digo eu falo en nome do grupo provincial do BNG, estamos absolutamente de acordo en que se lle pidan responsabilidades á empresa, pero tamén cremos que hai que resolver a obra, e ademais, aínda que non funcionase o club, fíxese vostede, habería que terminar a obra igual, porque en todo caso sería un problema de mala planificación no seu momento, e de haber planificado unha obra innecesaria, pero en calquera caso se está planificada despois hai que facela. Polo tanto, non hai ningunha

xustificación para dicir que se chegou ata aquí por unha cuestión de legalidade, porque entón non se sostén que se contestara con anterioridade que se ía terminar nun prazo moito máis breve.

Simplemente quero clarificar iso.

Sr. presidente

Queda moi claro, Sra. Candocia, evidentemente das súas palabras, cando un expediente depende de varias partes, ás veces, demórase máis do que un desexaría ou esperaríala. O importante é que está listo, e simplemente pendente de incluír na orde da mesa de contratación.

(Entra o Sr. Quiñoy Taboada).

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (14 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Visto o expediente de resolución de contrato da obra denominada: Instalación remo e piragüismo na praia de Tapia, no concello de Ames, co código 98.3420.0005.0, incluída na 2ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes.

Visto o proxecto de terminación redactado polo Servicio Provincial de Arquitectura onde se inclúe un incremento en relación coas unidades de obra pendentes de executar do proxecto inicial.

1º.-Aprobar por un importe total de 19.048.999.- ptas. sobre o orzamento de contrata, o proxecto de finalización da obra Instalación de remo e piragüismo na praia de Tapia, do concello de Ames, co código 98.3420.0005.5.

Aprobar así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento do proxecto de finalización da obra que ascende a 7.435.145.- ptas. sobre contrata.

Este incremento financiarao integramente a deputación.

Con isto, os datos de financiamento da obra, ofrecen o seguinte resumo:

Proxecto novo (Código 98.3420.0005.5)		
Achegas	Orzamento contrata	Incremento. (Novo - Pdte. do inicial)
Deputación	16.226.792	7.435.145
Concello	2.823.207	0
Total..	19.049.999	7.435.145

2º.-Dar por rematada a obra do concello de Ames denominada: Instalación de remo e piragüismo da praia de Tapia, código nº 98.3420.0005.0, que foi executada parcialmente polo primeiro contratista adxudicatario ascendendo o executado a 13.385.146.- ptas. sobre contrata e 12.212.607 ptas. sobre adxudicación e que foi incluída na 2ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes, aprobada polo pleno da deputación na sesión celebrada o 31.07.98, por terse resolto o contrato e estar afectada esta por un proxecto novo de finalización con incremento.

3º.-Crear a ficha informática correspondente ó proxecto de finalización da obra co código 98.3420.0005.5.

4º.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non lle presentaren alegacións ou reclamacións, entenderase definitivamente aprobado.”

12.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA HORTA DO CORRAL, DO CONCELLO DE PONTEDEUME, INCLUÍDA NA 1ª FASE DA ANUALIDADE 1998 DO PLAN 2000 DEPORTES 1998-2001. CÓDIGO 98.3420.0066.0.

(Abandona o salón o Sr. Mosquera Maceiras).

INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

Simplemente para adiantar a nosa abstención neste punto. Máis nada.

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados (13 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (4 do BNG; 1 do PP- por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no intre da votación - art. 74.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º) Aprobar por un importe total de 233.985.755.- ptas. sobre o orzamento de contrata, o proxecto reformado da obra Piscina cuberta climatizada horta do Corral (código 98.3420.0066.0) do concello de Pontedeume, que foi incluída na 1ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes 1998-2001, aprobado polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 07.07.98.

Aprobar así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado que ascende a 30.942.158.- ptas. sobre contrata e 30.864.803.- ptas. sobre adjudicación. A este proxecto reformado da obra asígnaselle o código 2001.3420.0066.1.

Este incremento financiarao integramente a deputación.

Con isto, os datos de financiamento da obra, calculados sobre o orzamento de contrata, ofrecen o seguinte detalle:

	Anualidade 1998	Anualidade 1999	Anualidade 2000	Anualidade 2001	Total Anualidades
Deputación	64.800.000	14.550.000	28.350.000	81.285.755	188.985.755
Conc. Fondos propios					
Conc. Plan 2000 Infraest.		27.450.000	9.450.000	8.100.000	45.000.000
Total	64.800.000	42.000.000	37.800.000	89.385.755	233.985.755

Este incremento poderase efectuar con cargo ó dispoñible existente na partida do Plan 0501/452D/60189 do vixente orzamento provincial.

2º.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non lle presentar alegacións ou reclamacións, entenderase definitivamente aprobado.”

13.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA RECUPERACIÓN DA ÁREA URBANA DA RÚA MURILLO DO CONCELLO DE RIBEIRA, INCLUÍDA NA 1ª FASE DA ANUALIDADE 2000 DO PLAN 2000 DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE 1999-2000. CÓDIGO 00.3440.0267.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra: Recuperación da área urbana da rúa Murillo, código 00.3440.0267.0, do concello de Ribeira, correspondéndolle a contratación ó concello, que foi incluída na 1ª fase da anualidade 2000 do Plan 2000 de protección do ambiente 1999-2000, aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 30.06.2000, dado que a modificación só supón un cambio de situación xa que non se altera nin o orzamento da obra nin o orzamento do plan no seu conxunto.”

14.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA RECUPERACIÓN DA ÁREA URBANA DA RÚA CERVANTES, DO CONCELLO DE RIBEIRA, INCLUÍDA NA 1ª FASE DA ANUALIDADE 2000 DO PLAN 2000 DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE 1999-2000. CÓDIGO 00.3440.0269.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra: Recuperación da área urbana da Rúa Cervantes (código 00.3440.0269.0) do concello de Ribeira, correspondéndolle a contratación ó concello, e que foi incluída na 1ª fase da anualidade 2000 do Plan 2000 de protección do ambiente 1999-2000, aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 30.06.2000, dado que a modificación só supón un cambio de situación xa que non se altera nin o orzamento da obra nin o orzamento do plan no seu conxunto.”

15.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA PRAIA FLUVIAL DE CHAIÁN, DO CONCELLO DE TRAZO, INCLUÍDA NA 1ª FASE

DA ANUALIDADE 2000 DO PLAN 2000 DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE 1999-2000. CÓDIGO 00.3440.0280.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra: Praia fluvial en Chaián (código 00.3440.0280.0) do concello de Trazo, do que a contratación lle corresponde ó concello, que foi incluída na 1ª fase de anualidade 2000 do Plan 2000 de protección do ambiente 1999-2000, aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 30.06.00, dado que a modificación non supón variación, nin no obxecto, nin na finalidade, nin no orzamento da obra nin do plan no seu conxunto.”

16.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO Nº 2 DA OBRA REHABILITACIÓN DA CASA DO CONCELLO DE DODRO 5ª FASE, INCLUÍDA NA 1ª FASE DO PLAN DE CONSTRUCCIÓN E REPARACIÓN URGENTE DE CASAS CONSISTORIAIS 1998-1999. CÓDIGO 98.3600.0008.0.

INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

Nosoutros aquí imos manter unha posición de abstención, pero non quería tampouco que pasara este Pleno sen retomar o fío dun debate que, en certa maneira, introduciu o voceiro do PSOE na súa intervención, e que eu tamén quería deixar patente aquí, a maneira de gran preocupación do noso grupo. Sen redundar en cousas que xa se dixeron respecto da asiduidade, practicamente monótona, que converte estes Plenos en mecánicos, que eu creo que teñen bastante pouco que ver coa función que nos debería de ter asignada a lexislación a nosoutros aquí, que eu creo que non é facer números, nin aprobar reformados, senón dirixir a acción dunha institución á mellora do benestar, nunha palabra, dos cidadáns e cidadás da provincia.

Eu non sei se os compañeiros e compañeiras -mellor dito, si que o sei, porque veñen aquí igual ca min, polo tanto, efectivamente, sábeno-, si se dan conta de que levamos máis de 150 reformados nestes dous anos, e que nos está tocando a reformado por obra, das que se planificaron no seu momento. Eu non sei se se dan conta, tamén, que estes reformados que estamos facendo aquí levan, á marxe dun certo ridículo nos debates que hai nesta deputación, tamén a unha sangría nas arcas desta deputación, e a min o que me pon un pouco os pelos de punta é que, en nome de que os concellos xa sabemos que non fan ben as cousas, e dunha certa asunción, pero aínda non moi aclarada, de que esta deputación tampouco non fixo nin fai ben as cousas, a min gustaríame sumar as cantidades, é máis, prometo que para o vindeiro Pleno vou sumar o importe en pesetas de tódolos reformados

que se fixeron aquí, porque, como di un compañeiro meu, é moi bonito gastar o diñeiro cando non é dun, é dicir, aquí hai tamén unha certa irresponsabilidade política en tirar do teto das arcas desta deputación para resolver cousas que teñen moito de responsabilidade política e pouco de cuestións técnicas, porque vexo cantidades aquí que, ás veces, e é o caso concreto do que estamos falando, pónenlle a un os pelos de punta que aquí tiramos de cheque, como se adoita dicir, pero nunca falamos de se nos equivocamos no concurso de ideas para os pavillóns polideportivos, aquí non se equivoca nunca ninguén, aquí como funciona o caixeiro, tiramos de caixeiro e é moi bonito.

(Sae o Sr. Lagares Pérez).

Entón, a min, e perdóeme tamén pero a min dóeme un pouco todo isto, porque a min, desde logo, se fixera isto, e tivera que ser responsable, á terceira vez que o fixera botábanme de alí, e aquí, como tiramos da corda, en fin. A min paréceme que tamén, e claro o Sr. Varela xa sei que me vai dicir que eu podo falar sempre que quero, aínda que teño o reloxo a carón, si, home, si, pero se a cuestión non é falar, a cuestión é pór enriba da mesa as cousas e aplicarlle un certo grao de racionalidade, e depende do que eu poida falar, pero tamén depende de que quen teña a sensibilidade, pónalle couto a iso, é dicir, que diga un momento, basta.

E xa digo, hai responsabilidades políticas neste proceso longo de reformados que levamos aplicados aquí, e eu creo que o diñeiro é de todo o mundo, non é da deputación, é dos cidadáns, e estámolos gastando mal, porque estamos cubrindo con diñeiro a mala planificación e o mal goberno da deputación, e iso é moi malo, iso é moi malo, xa non quero denominar isto, eu podería agora mesmo lanzar aquí..., non o vou facer, pero eu creo que vostedes se teñen que dar conta disto, que non podemos estar no ano 2002 coa mesma historia, que imos camiño diso, entón, agora que estamos no Ecuador, sempre son procesos de reflexión, eu chamo tamén a iso proceso de reflexión, e se esa interpretación que se quere facer é que nosoutros o que estamos proponendo é que deixan sen acabar as obras que están mal, eu non estou dicindo iso en absoluto, agora, a min isto tampouco me gusta nada, porque isto o que fai é obviar o debate político, se o debate político se dá, e asemade se buscan solucións, benvido todo iso, pero se se buscan as solucións económicas, e non se dá o debate político, eu non participo diso.

Polo tanto, xa digo, aquí, á parte de moitas discusións, vai moito diñeiro do erario público eu creo que malgastados. Entón, permítaseme que este voto último que hai sobre este reformado, en concreto, que afecta á miña comisión, sexa tamén un certo voto de enfado, e dunha certa reflexión que supón que, como a levo facendo desde hai dous anos, seguramente que quen lle ten que facer caso, faralle o mesmo caso que a tódolos debates que tivemos aquí, é dicir, moi pouco. Pero, en todo caso, estou obrigado a dicir o que penso, porque a min dóeme isto.

Sr. Varela Rey

No que respecta a este punto, eu reitero a miña contestación á intervención do voceiro do PSOE na mesma liña que ó voceiro do Bloque.

VOTACIÓN

Votan a favor: 23 deputados (13 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (4 do BNG; 1 do PSOE, por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no intre da votación -art. 74.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

1.-Aprobar por un importe total de 66.267.545 ptas. sobre o orzamento de contrata, o proxecto reformado nº 2 da obra: Rehabilitación da casa do concello de Dodro, 5ª fase (código: 98.3600.0008.0) incluída no Plan de construción e reparación urxente de casas de concello 1998-1999, 1ª fase, aprobado polo Pleno da deputación na sesión ordinaria celebrada o 27.11.98 e do que o primeiro proxecto reformado aprobouse en virtude do acordo plenario provincial con data do 27.10.00.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento deste proxecto reformado nº 2 que ascende a 20.906.530 ptas. sobre contrata e sobre adxudicación respecto ó proxecto reformado nº 1, e a 28.466.573 ptas. en relación ós orzamentos de contrata e adxudicación correspondentes ó proxecto técnico inicial da obra. O código que se asigna ó proxecto reformado desta obra é o 98.3600.0008.2.

O citado incremento financiarao integramente a deputación.

Por isto, un estudio comparativo dos datos de financiamento da obra, calculados tanto sobre o orzamento de contrata, como sobre o orzamento de adxudicación, ofrecen o seguinte resumo:

98.3600.0008.0	ORZAMENTODE CONTRATA	ORZAMENTODE ADXUDICACIÓN
PROXECTO REFORMADO Nº 1	45.361.015	45.361.015
PROXECTO REFORMADO Nº 2	66.267.545	66.267.545
INCREMENTO	20.906.530	20.906.530

Este incremento poderase efectuar con cargo ó dispoñible na partida do Plan 0501/432D/60174 do vixente orzamento provincial.

2.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días desde a publicación dun anuncio no BOP, co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non se presentaren alegacións ou reclamacións a este expediente, entenderase definitivamente aprobado.”

(Entra o Sr. Lagares Pérez).

17.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA 2001 DE REPARACIÓN DE DANOS EXTRAORDINARIOS EN INFRAESTRUCTURAS MUNICIPAIS NA PROVINCIA DA CORUÑA.

INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

En certa maneira, hai unha parte deste debate que xa se deu no seu momento, porque é o debate, ademais, orixinal, e polo tanto, eu tampouco quero reiterar cousas que xa dixon a miña compañeira.

En calquera caso, si que quería dicir que, adianteino tamén o outro día na comisión, eu creo que esta modificación puntual, que é un tema aparentemente procedemental, afecta moito máis ó fondo de cómo se encarou este tema. Eu quería lembrar aquí que cando xa se aprobou o famoso café para todos, cos cinco millóns de pesetas lineais para tódolos concellos, nosoutros non soamente fomos críticos con ese proceso, senón que tamén dixemos que pensabamos que a Administración provincial, neste caso a Deputación da Coruña, debería de ter unha posición moi firme, prevendo que cousas que xa se empezaban a ver, non se concretasen na práctica, e ¿que é o que se empezaba a ver?, empezábase a ver que, posiblemente, o tratamento que tivera o Estado cun fenómeno que ninguén pode

predicir, é evidente, que non ten nin cor política o fenómeno, por máis que as resolucións si que ás veces son dunha cor e son doutra, que isto non se constatara despois na práctica nunha situación como a que hoxe estamos padecendo, e quero lembrar aquí que estamos falando dunhas inundacións que empezaron xustamente hai un ano, entón, 365 días é un proceso demasiado longo para resolver unha cousa que é urxente, e aludo a algo que se dixo aquí. Nosoutros polo medio intentamos, suponse con boa vontade, o tema dos cinco millóns de pesetas, intentouse avanzar unha pequena actuación, eu creo que mesmo con aquela publicación daquelas bases o que se buscaba tamén era, en certa maneira, dicir que, pola parte que lle toca á deputación xa estamos actuando aí minimamente, pero quedaba por resolver o tema máis importante.

Eu quería recordar aquí, xa o dixo antes a compañeira, que o 23 de febreiro nosoutros fixémoslle unha proposta concreta a esta deputación que non foi aprobada porque o Partido Popular votou en contra, nesa proposta o que se pedía, en síntese, é que nos dirixiramos ó Estado que nosoutros entendiamos que aquí había un problema de características excepcionais, e que tiña que haber unha actuación excepcional por parte do Estado. O presidente dixo o que xa se adiantou aquí, que o tema quedaba para ver nunha comisión, etc., etc., pero o certo é que despois, en xullo deste ano, cantou un real decreto, real decreto que ó final confirmou o que xa sabiamos, e que se explicou dunha maneira bastante clara por parte dalgunha compañeira e tamén do compañeiro que entrevistou en representación do grupo socialista, e esa é a situación actual, que fronte a unha situación excepcional, a actuación do goberno non é unha actuación nin excepcional, absolutamente, nin nada. Eu creo que se manexaron cifras aquí de que soamente as reclamacións dos concellos de toda Galicia andaban naquel momento, soamente as dos concellos, sen entrar nas de particulares e as da propia Administración, andaban en data de febreiro, é dicir, cando estabamos empezando a lle dar volta a todo isto, andaban, segundo recoñecía o propio ministro de exterior, en 19.000 millóns de pesetas, se agora aquí se confirma que a cantidade que nos vén é a que é, non digo máis có que xa se dixo que, efectivamente, iso non chega absolutamente a nada.

Entón, Sr. presidente, nosoutros o que percibimos é que a boa fe que puidera ter, que tiña fe, porque eu iso non o vou a presumir que non era así, pero que era unha medida que non era correcta desde o punto de vista racional ó reparto lineal de cinco millóns de pesetas porque como ben dicía, e eu si que quixen entender ben ó Sr. Varela, efectivamente, en tódolos sitios non foi igual. O grave do Sr. Varela é que agora explícanos isto, pero cando votou, votou cinco millóns de pesetas para todos igual, e non choveu en tódolos sitios igual porque ademais iso quedou despois nunha posición ridícula porque houbo concellos que nin pediron os cinco millóns de pesetas, nin os pediron, polo tanto, alguén se equivocou, e non foi o Bloque Nacionalista Galego.

E termino, aquí o que non houbo foi unha iniciativa política correcta, nosoutros non estivemos defendidos fronte a Madrid, porque cando se discutía se lle tirabamos a Madrid para que se forma unha comisión e se empezara a avaliar todo isto, xa a zona de Castela e León, en virtude dun acordo que tomou o Parlamento español, cunha proposta, por certo, do propio Partido Popular, para zona de Castela e León para que houbera un tratamento excepcional, precisamente con aquela zona. E nosoutros, xa non foi en febreiro, senón que estabamos no día de hoxe, a 14 de setembro, debatendo aquí as migallas que nos dá o goberno central, por falta dunha actuación política, fundamentalmente, da comunidade autónoma, do Goberno galego e nosoutros repartindo migallas.

Polo tanto, claro, permítanos que efectivamente, eu tamén, e ó fío do debate sobre esta modificación, ¿como resolvemos a papeleta agora dicindo que os concellos, para que non se nos cabreen, aínda encima deixámoslles que os cinco millóns de pesetas os poidan investir no outro para que non se crea, porque se non se crea máis conflito cando lle digamos que algúns teñen que devolver, que non lle chega a ninguén, ímoslles deixar utiliza-los cinco millóns de pesetas para que figuren aí. Iso é unha mala coordinación e unha mala actuación política dentro dun fenómeno excepcional que se deu. E, desde logo, xa digo, para nosoutros, aquí o que hai é un tratamento total e absolutamente discriminatorio, aquí a Galicia faltoulle forza e voz, e agora temos o que temos, e nosoutros pelexamos na deputación, que é onde temos que resolver este tema, fíxese vostede, como se non houbera un goberno galego que é o que está mandado a coordinar os concellos e tamén as propias deputacións, entón é preferible que nos pasen o morto a nosoutros e que nosoutros aquí toureemos, por certo, aínda sen saber a estas alturas como vai actuar o goberno galego, que xa manda truco, oxalá non chova, eu soamente desexo que non chova, en todo caso que chova outra cousa, pero que non chova auga.

(Abandona o salón o Sr. Fernández Moreda).

Sr. Varela Rey

Sobre o fondo do tema eu creo que fun bastante explícito, unicamente matizar un aspecto.

Esta é unha boa proposta de cara ós concellos, que poidan utilizar os cinco millóns se o cren oportuno, desde aquí, que é o punto que estamos debatendo.

Respecto á aprobación lineal que votou este grupo de cinco millóns, tamén xa foi tratada aquí no seu momento. Eu unicamente manifestar que tódolos concellos son distintos, en cambio a achega foi a mesma, porque seguramente, eu xa o expliquei naquel debate, seguramente que quen máis o necesita son aqueles concellos que teñen menos posibilidades, e que non lle veñen igual os cinco millóns a un concello que ten poucos habitantes có que ten

moitos, pero tamén ten máis posibilidades. En todo caso, o que se pretendeu con ese acordo, que como ben amosou o presidente era unha axuda, non era para resolver ningún problema de maneira definitiva, responde ó que é un principio da deputación, o que nosoutros entendemos que é o principio desta institución, que é manter un pouco o equilibrio tratando de favorecer, pero ás veces, claro, como tamén o BNG non cre nas deputacións, e non cre, ó mellor, nese factor de equilibrio, loxicamente o faría doutra maneira, seguramente. Nosoutros entendemos que isto é como un factor de equilibrio e de axuda para os concellos, nunca de solución definitiva dun problema.

Sr. Rodríguez Doval

Moi breve, simplemente para dicirlle que, visto o visto nestes dous anos desta lexislatura, eu creo que os que non cren profundamente nesta institución son vostedes, senón, non se explica a forma que ten de gobernar. Máis nada.

Sr. presidente

Esta é unha postura moi persoal súa, Sr. Rodríguez Doval. Podo dicirlle que o Partido Popular cre plenamente nas deputacións, nesta institución, co gran apoio e coordinación, coordinación dos concellos e apoio ós concellos. Eu creo que, aquí sempre se dixo que eses 500 millóns que aprobamos rapidamente tamén aquí no seu momento, que era unha axuda simbólica por eses danos dos temporais, e creo que o que se aproba hoxe aquí é darlle máis facilidades ós concellos para poder participar nesa participación para alcanzar os fondos da Xunta, os fondos da Administración do Estado para paliar os danos dos temporais. Polo tanto, creo que está claro que cremos nesta institución como tal institución de apoio e coordinación dos concellos.

VOTACIÓN

Votan a favor: 23 deputados (13 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (4 do BNG; 1 do PSOE, por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no intre da votación - art. 74.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a proposta subscrita polo presidente da Comisión de Plans Especiais, Contratación e Equipamento, relativa á modificación das bases reguladoras do programa 2001 de reparación de danos extraordinarios en infraestructuras municipais na provincia da

Coruña, para que os concellos poidan optar por aplicar os 5.000.000 de ptas. asignados a cada concello dentro deste programa que ha financiar a achega municipal ó plan de temporais cofinanciado polo MAP e a Xunta de Galicia.

Primeiro.-Aprobar a modificación das bases reguladoras do Programa 2001 de reparación de danos extraordinarios en infraestructuras municipais na provincia da Coruña, que foron aprobadas polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 30.05.01 e publicadas no BOP nº 124 do 01.06.01, no senso de engadir a base número 7 que permita ampliar o obxecto do programa do modo indicado nela.

O texto íntegro da base 7 queda como segue:

“Base 7: Ampliación do obxecto do presente programa.

Os concellos da provincia interesados poderán optar por utilizar a cantidade que lles foi asignada dentro do presente programa, a razón de 5.000.000 ptas. por concello, en todo ou en parte, para financiar a achega municipal ós investimentos que solicitaron dentro do Plan de temporais mediante o que se canalizan as medidas adoptadas pola Administración Central do Estado e a Xunta de Galicia para esta finalidade a través das deputacións provinciais, que será aprobado polo Pleno da Deputación da Coruña no marco da Orde do MAP do 10 de maio de 2001 e da Consellería de Economía e Facenda do 6 de xullo de 2001, modificada pola Orde do 18 de xullo de 2001.

Para isto, os concellos interesados en utilizar esta opción, deberán comunicarllo á deputación, coa maior brevidade, achegando a certificación acreditativa do acordo plenario municipal na que conste expresamente que desexan facer uso desta posibilidade, indicando a cantidade que destinan a financiar a achega municipal ó plan elaborado consonte coa indicada normativa estatal e autonómica.”

Segundo.-Dispoñer a exposición ó público da presente modificación das bases, para os efectos de que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, considerándose definitivamente aprobadas no caso de non se presentar alegación ningunha.”

18.-ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL Ó CONSORCIO DA ZONA FRANCA DA CORUÑA.

INTERVENCIONS

Sr. Lagares Pérez

Para anunciar os votos favorables ós puntos 18 e 19 por parte do grupo socialista.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar a achega dunha axuda de 3.000.000.- ptas. ó Consorcio do Depósito Franco da Coruña para financiar o custo derivado da ampliación das instalacións deste, consonte co proxecto técnico achegado que contén un orzamento de execución por contrata de 74.674.670.- ptas., representando a achega provincial, por tanto, un coeficiente de financiamento do 4,02%.

2.-O pagamento da achega citada efectuarase contra certificación da obra acreditativa das realizadas e con cargo á partida 0305/514A/767.00 do vixente orzamento da Corporación, na proporción que representa o coeficiente de financiamento provincial, no suposto de non xustificar a totalidade do gasto previsto minorarase a achega da deputación mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ó importe realmente xustificado. No caso de que os gastos xustificados foran superiores ó orzamento da actividade, a achega provincial non superará a cantidade máxima de 3.000.000.- ptas.

3.-O beneficiario deberá achegar así mesmo certificación acreditativa das subvencións públicas ou privadas percibidas para o mesmo fin, para acreditar que se dea cumprimento ó establecido no artigo 81.7 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria.

4.-Facultar ó presidente da Corporación para cántos trámites resulten necesarios en execución do presente acordo.”

19.-PROXECTO REFORMADO INSTALACIÓN PROTECCIÓN CIVIL DE CARNOTA.

INTERVENCIONES

Sra. Vázquez Veras

Para anunciar a abstención do BNG.

VOTACIÓN

Votan a favor: 23 deputados (13 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar o proxecto reformado da obra: Instalación de protección civil de Carnota, concello de Carnota, código 99.4000.0020.8, por importe de 4.141.379.- ptas., que deberá financiarse con cargo á partida 0305/223.A/62210 do vixente orzamento.

A modificación obxecto de aprobación ten a súa xustificación en “A necesidade de aumentar as tarefas de movemento de terras e compactación por necesidades de cimentación e implantación do edificio no terreo así como traballos de excavación en rocas. Debido á situación do edificio viuse necesario realizar a acometida eléctrica e auga a unha distancia de 140 m. O sistema de calefacción viuse modificado por un sistema de acumuladores. Viuse necesario aumentar a superficie da soleira nalgunhas zonas.”

2.-Dispoñer a exposición pública a memoria técnica reformada mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que se poidan presentar alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non se presentar ningunha.

3.-Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia.

4.-Facultar ó presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo”

(Abandonan o salón os Sres. Pose Miñones, Cobas García e Campo Fernández).

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Santiago López

Teño un rogo e unha pregunta. A pregunta é en relación a unha estrada, que xa noutras ocasións fixen algunha intervención sobre ela, e concretamente é a estrada E.P. 3503, Maniños Fonte do Rego, por San Marcos, unha estrada que, ó seu paso, hai un

instituto, un centro de formación profesional e bacharel que ten unha perigosidade máis ca manifesta. No mes de novembro, concretamente en novembro do 2000 eu facía unha pregunta ó Pleno sobre a posibilidade de facer unha intervención nesta travesía, a construción de beirarrúas, unha nova sinalización, eliminación de curvas de trazado, etc., etc., e xa naquel momento eu facía patente a disposición do concello de facer un convenio coa deputación para poder levar adiante esta obra, sobre todo pola preocupación fonda e profunda que ten, tanto o centro, como os propios pais dos alumnos que están alí matriculados. E cun novo inicio do curso, e non tendo noticias non sabemos se a deputación ten pensado algunha intervención, a pregunta é se hai algunha planificación en concreto sobre esta travesía.

E o rogo é en relación co Fogar Infantil de Ferrol. Antes do inicio do Pleno, nun atraco manifesto polo que case, case pido desculpas á Presidencia, pero nun intento de conseguir esa reunión coas concelleiras da comarca, hai que dicir que antes do inicio do Pleno estaban presentes concelleiras representantes dos concellos de Ferrol, Fene, Narón, Mugarbos, Cedeira e Cabanas que solicitaban esa reunión co presidente para coñecer a avaliación que se fai desde esta casa dese proxecto de centro de recursos para a infancia e a familia.

(Sae o Sr. Varela Rey).

Rogarlle encarecidamente que faga posible esa reunión coas concelleiras no prazo máis breve.

Sr. presidente

Empezando polo rogo, pola súa última intervención, direille como lle dixen aí fora a vostede e ás Sras. concelleiras, que non sei exactamente pero que na vindeira semana eu recibirei a este colectivo.

E da estrada, se lle digo a verdade, neste momento non lle podo contestar, pero tomo boa nota para informala detalladamente.

Sr. Porto Serantes

Moi brevemente para lle facer unha pregunta tocante á situación do polideportivo en Ponte do Porto en Camariñas, que me consta que xa ten noticias de cómo está polos contactos que mantivo co Sr. alcalde deste concello. Como vostede sabe, a causa tamén dos temporais, vai facer agora un ano, que cando se estaba terminando a súa construción veuse abaixo, probablemente, como dixen, a causa deses temporais.

A situación que se está xerando é de malestar, en primeiro lugar da corporación, e en segundo lugar de toda a comunidade docente, mestres, alumnos, os pais, están bastante crispados porque levan máis dun ano, curiosamente antes tiñan unhas instalacións deportivas, unha pista polideportiva, desde esta deputación empréndese unha mellora consistente na cubrición desa pista que tiña antes, e levan máis dun ano con aquilo derrubado e sen poder utilizar as instalacións deportivas. Neste senso, preguntarlle se se fixo algunha xestión e, en todo caso, ou ben que se proceda á súa urxente reparación, ou ben que cunha pa se retiren os entullos para que se poida utilizar esa instalación.

Sr. presidente

Coñezo perfectamente ese caso, Sr. Porto, que os temporais tiraron as paredes laterais e logo o que lle podo dicir, non sei na fase no punto que está neste momento, que o Servicio de Arquitectura, á parte de estar presente alí e levantar o informe pertinente, está acelerando tódolos trámites para terminar e da mellor forma posible, ese polideportivo cuberto.

Sr. Rodríguez Doval

Era unha pregunta respecto dun tema que xa tocamos no último Pleno ordinario, como ben saben os compañeiros e compañeiras, estaba presentada unha moción, que despois nosoutros desistimos dela porque había un compromiso do presidente, que se refería a un convenio pendente entre o Concello das Pontes e a Dirección Xeral de Estradas e a Dirección Xeral de Industria polo tema dun acceso ó polígono do Airíos, que aludimos nosoutros precisamente á urxencia de que se lle dera un pequeno toque á Dirección Xeral de Industria da Xunta de Galicia porque tiñamos sospeitas de que había certas presións para que ese convenio se asinase canto antes e, polo tanto, non se perdese o investimento.

A noticia que teño eu co día de onte é que a contestación que transmitiu a Dirección Xeral de Industria é que o tema segue pendente, e sei que hai presións grandes desde Madrid para que se formalice canto antes o convenio. Entón, eu quería preguntarlle e insistirlle, en todo caso, á Presidencia para que, pola parte que lle corresponde á deputación, úrxase a unha actuación, porque é un polígono que está neste momento nunha fase de crecemento moi grande, e é unha pena, precisamente, que se estea trasladando á propia deputación a responsabilidade, entre comiñas, de que iso non vaia para adiante. Entón era animar e requirir do presidente, primeiro se hai información, e segundo que, a poder ser, se pode ser a primeiros da semana que vén se poña sobre o tema, para procurar que ese convenio se faga unha realidade canto antes.

Sr. presidente

Direille que é así, que se está acelerando ese convenio, ese convenio onde por parte da deputación, ademais simplemente sería a cesión, a cesión desa estrada na Xunta de Galicia, onde está incorporada tamén a Consellería de Industria e a Consellería de Política Territorial. Eu agardo que en breve pechemos ese convenio para que se poida actuar nese acceso dos Airíos.

Ó non haber máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos, procedéndose á redacción da acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.